

# 2024

**1º COPA SCC**



**FEDERACIÓN GALEGA DE  
AUTOMOBILISMO**

ARTIGO 1 ORGANIZACIÓN.

ARTIGO 2 COMITÉ ORGANIZADOR.

ARTIGO 3 ASPIRANTES.

ARTIGO 4 VEHÍCULOS ADMITIDOS.

ARTIGO 5 INSCRICIÓN.

ARTIGO 6 PRUEBAS PUTUABLES.

ARTIGO 7 PREMIOS.

ARTIGO 8 PUNTUACIÓN.

ARTIGO 9 PUBLICIDADE.

ARTIGO 10 MODIFICACIONES Ó REGULAMENTO.

ARTIGO 11 POSTOS DE SAÍDA

**Artigo 1.- ORGANIZACIÓN.**

A Federación Galega de Automobilismo organiza para o ano 2024 a **1º COPA para VEHÍCULOS SCC** O presente regulamento complementarase co Anuario de Galicia 2024, da Federación Galega de Automobilismo, nos apartados que non figuren neste documento.

**Artigo 2.- COMITÉ ORGANIZADOR.**

O Comité Organizador ten entre as súas competencias a de emitir anexos que formarán parte do presente regulamento, modificalo, interpretalo e tamén resolver tódolos casos non previstos. Os devanditos anexos e modificacións, deberán ser aprobados pola Federación Galega de Automobilismo e publicados na web:

<http://www.fga.es/>.

O Comité estará integrado por un representante da Federación Galega de Automobilismo.

En tódalas probas puntuables haberá un comisario representante do Comité que coidará de informar a tódolos participantes sobre a interpretación do presente Regulamento, e de transmitir ó Comité os problemas e incidencias que se plantexen, así como de controlala perfecta ubicación da publicidade nos vehículos.

**Artigo 3.- ASPIRANTES.**

A) Licenzas: Posuílas licenzas dacordo co Anexo I do Anuario da F.G. de A. que habilite o concursante, piloto e copiloto que permitan participar nas probas indicadas no art. 6.

B) Tódolos gañadores das Fórmulas de Promoción, de tempadas anteriores, poden volver a participar nas mesmas, puntuando e optando ós premios en metálico.

C) Os pilotos que se inscriban nunha Fórmula de Promoción, dos Campionatos de Galicia, por especialidade e tempada non poderán mudar de Copa, Trofeo, Reto, ou Challenge ata a tempada seguinte

D) A Federación Galega de Automobilismo, resérvase o dereito a rexeitar calquera inscrición á **1º COPA para VEHÍCULOS SCC** sen ter que xustificalo.

E) Para puntuar o piloto inscrito ten que acadar o mínimo de mangas esixidas no regulamento de montaña.

F) Todo piloto ou membro do equipo, que non facilite ou non autorice a Verificación Técnica do seu vehículo, será sancionado coa descalificación inmediata da proba, e darase traslado ao Tribunal Galego de Apelación da F.G.A. para a apertura do correspondente expediente disciplinario.

H) O equipo que resulte descalificado dunha proba por motivos deportivos ou técnicos (prescricións xerais do regulamento xeral), non poderá optar a ningunha atribución de puntos nin premios en metálico da proba correspondente.

I) Se a descalificación fose por motivos técnicos implicará a exclusión definitiva da copa ou trofeo no que participe e se fose por motivos deportivos en función da gravidade poderá ser excluído da copa, trofeo u campionato.

J) Para participar nesta copa poderáse participar con calquer marca ou composto de pneumáticos.

**Artigo 4.- VEHÍCULOS ADMITIDOS:**

- A **1º COPA para VEHÍCULOS SCC** está reservada exclusivamente ós vehículos SCC baixo a regulamentación técnica de SCC da F.G.A., que deberán ter completado o PF correspondente.

**Artigo 5.- INSCRICIÓN:**

**Unha vez aceptada a inscrición no 1º COPA para VEHÍCULOS SCC o participante estará oficialmente inscrito neste. Tódolos interesados en inscribirse terán que facelo enviando a folla de inscrición en formulario "online" sita en:**

<http://www.fga.es/formularios/index.php/>

**O prazo de inscrición estará aberto ata 10 días hábiles antes da celebración da primeira proba na que se desexe participar. Non se aceptará ningunha inscrición incompleta. Non optarán a premios en metálico nin os puntos, aqueles que non formalicen a súa inscrición no prazo estipulado.**

#### Artigo 6.- PROBAS PUNTUABLES:

Para a **1º DESAFIO KUMHO MONTAÑA 2024**, serán puntuables as probas seguintes:

DATA	PROBA	ESCUDEIRÍA
27/28-04-2024	11ª SUBIDA A TABOADA	TABOADA
25/26-05-2024	3ª SUBIDA A VILAR DE BARRIO	TALARÍÑO
08/09-06-2024	24ª SUBIDA A ESCUSA POIO	BUXA MOTOR POIO
06/07-07-2024	11ª SUBIDA A PONTENOVA	A PONTENOVA
03/04-08-2024	28º SUBIDA A ESTRADA	ESTRADENSE
17/18-08-2024	5ª SUBIDA A TABOADELA	TABOADELA
07/08-09-2024	7ª SUBIDA A PONTE CALDELAS	PONTE CALDELAS

#### Artigo 7.- PREMIOS:

A) En cada unha das probas puntuables para a **1º COPA para VEHÍCULOS SCC** otorgarase o seguinte premio sempre que participen un mínimo de 3 vehículos SCC por proba nun mínimo de 5 carreiras :

#### PREMIO FINAL DE TEMPORADA

SAÍNDO	
1 INSCRITO	
<b>1º</b>	<b>1.500 €</b>
-----	
-----	

#### PREMIOS FINAIS SCRATCH POR COPA

VENCEDOR                      TROFEO

Tódolos premios deste apartado son concedidos pola F.G.A., están afectados, no seu caso, pola retención vixente aplicada polo Ministerio de Facenda a conta do IRPF.

#### Artigo 8.- PUNTUACIÓN:

En cada unha das probas puntuables, para a **1º COPA para VEHÍCULOS SCC**, outorganse os seguintes puntos segundo o posto.

8.1.- Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch da copa:

1º	2º	3	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º	11º	12º	13	14º	15º
35	30	27	24	21	18	15	12	10	8	6	5	4	3	2

8.2.- Outorgaráselle un punto, a partir do 15, a todos os que finalicen a proba.

8.3.- A clasificación final da **1º COPA para VEHÍCULOS SCC**, será establecida entre aqueles pilotos e copilotos que participasen en alomenos cinco probas do Campionato Galego de Montaña e descontándose un resultado das sete probas puntuables.

8.4.- Non se poderá descontar unha proba na que fose excluído.

#### **Artigo 9.- PUBLICIDADE:**

Tódolos vehículos deberán levar 4 pegatinas nas aletas dianteiras e traseiras co emblema "Copa SCC/FGA", (Nota: Obrigatoriramente teranse que ver na parte dianteira e traseira do vehículo, ou sexa, nunca postas nas partes laterais),.Baixo ningún concepto estará permitido recorta-la publicidade nin tapa-la parcialmente. O incumprimento implicará a perda dos puntos e premios da proba de referencia. A reiteración do antedito implicará a descalificación a tódolos efectos da **1º COPA para VEHÍCULOS SCC**

#### **Artigo 10.- MODIFICACIÓNS Ó REGULAMENTO:**

Calquera modificación que puidera xurdir unha vez publicado ó presente regulamento, así como calquera cambio no calendario de probas, comunicarase ós inscritos mediante un complemento, e coa publicación na páxina de Internet <http://www.fga.es/>.

#### **Artigo 11.- POSTOS DE SAÍDA:**

Os equipos que participan na **1º COPA para VEHÍCULOS SCC** sairán agrupados, na primeira proba a criterio da Federación Galega de Automobilismo, e a partir da segunda proba por orde de clasificación.